

FS#11 | Teatro
12/1/16 | Principal
20.15 h | de Pontevedra

XANEIRO

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

Martes 19 ás 20.15 h

A batalla de Solferino

(La Bataille de Solférino, Justine Triet, 2013, 94', V.O.S.E.)


Martes 26 ás 20.15 h

Sangue malo

(Mauvais Sang, Leos Carax, 1986, 116', V.O.S.E.)

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

Havre Le



Aki Kaurismäki

O cinema europeo non lle dedicou moito tempo á crecente cuestión económica, política e sobre todo moral nada a partir da nunca resolta crise das persoas refuxiadas; persoas que tratan de entrar en Europa desde fóra e ás que se trata de xeito irregular e, a miúdo, reprobable. Non teño unha solución para o problema, mais quería enfrontarme a el neste filme nada realista.

Aki Kaurismäki


O PODER CURADOR DA FICCIÓN

Os valados e mailas fronteiras, os aramados e mailas concertinas están feitos precisamente para iso: para manter as persoas lonxe da nosa mirada, para ocultalas da nosa vista, para as mergullar no anonimato dunha masa colectiva supostamente ameazante. As fotos que ofrecen os xornais e as imaxes dos noticiarios xogan case sempre a mesma función: impídennos velas de preto, colócanas á outra beira do enreixado, agrupadas para protexerse, sen identidade propia, sen figura nin rostro recoñecible.

Uns e outras —os aramados feitos de coitelas asasinas e as imaxes que borran o individuo para o converter en masa— contribúen a que sintamos máis seguridade. Coidámonos protexidos por valos que lles impiden o paso. Acougamos co feito de non verlles as caras, porque así —ao seren mostradas dende lonxe, coma un conxunto indiferenciado— a nosa mirada non se sente interpelada pola de ningún ser humano concreto. Benditos aramados, salvadores planos xerais! Grazas a eles a nosa ilusoria comodidade non se sente interrogada por esas historias individuais e persoais que abrollan dende os seus ollos, que latexan baixo as súas baqueteadas faccións, que ferven baixo a súa pel.

A cada canto, porén, esa doente e patolóxica realidade é asaltada polo poder curador da ficción. Ocorre cando un cineasta creba o cadeado que as mantén pechadas, abre as portas do contedor no que se agachan e achégase, con respectuoso sixilo, á emigración subsahariana cuxo rostro individual antes se nos escamoteaba. O plano xeral deixa o seu lugar ao primeiro plano, o «ruído» ambiente fica suspendido —en aberto rompemento coas

convencións que anoan as representacións televisivas—, faise un silencio grave e o desglose da planificación identifica, unha a unha, cada persoa concreta. Cada unha coa súa mirada singular, coa súa historia particular ás costas, coa súa pel desgastada e as súas arelas intactas. Cada unha protagonista do seu plano: planos que respiran e que posúen o seu propio tempo.



Le Havre: rostros, presenzas, individuos.



A realidade: valados, aramados, anonimato.

Isto sucede en *Le Havre* (2011). É o cinema —cinema con maiúsculas— que ousa mirar de face e de preto unha realidade que nin está lonxe, como contribúen a connotar os devanditos planos xerais, nin é ameazante, como semellan dicirnos os aramados. É o cinema que nos fala dun xeito morno, mesmo poético, de individuos concretos, de persoas que viaxan na procura dun futuro. Que este sexa verosímil ou fantasiado, que máis ten: é o que as persoas soñan e o que, ademais, teñen dereito a soñar. É o cinema que se fai cargo das persoas reais e dos seus soños individuais, o que nos narra a utopía do seu imaxinario. O cinema de Aki Kaurismäki.